

Resolución Reitoral de execución da sentenza ditada o 28.07.2023 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña nos autos 247/2022 seguidos a instancia de D. Iván Penas López

O 13.12.2022 a Xerencia da Universidade ditou Resolución pola que se aprobaba e facía pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas á convocatoria de probas selectivas para a provisión dunha praza da escala técnica de especialistas (subescala delineante) da UDC (subgrupo C1). No Anexo á dita resolución figuraba o Sr. Penas López como persoa excluída do proceso selectivo por non acreditar a titulación esixida.

En execución do Auto ditado o 31.01.2023 polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña na peza separada de medidas cautelares seguidas a instancia do Sr. Penas López, este veu participando nas probas do proceso selectivo "en execución de resolución xudicial condicionada ao resultado do PA 247/2022 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña".

A sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña o 28.07.2023 no Procedemento Abreviado nº 247/2022, seguido a instancia do Sr. Penas López, establece na súa parte dispositiva que:

se estima parcialmente la demanda, revocando la resolución que excluye al actor con carácter definitivo del proceso selectivo, pero manteniendo el contenido de las Bases y, en concreto, el Anexo II, Bloque II, Temario específico

A sentenza é firme, tal e como dispón a Dilixencia de ordenación do 05.10.2023 (notificada 09.10.2023) que, ao tempo que declara a firmeza da sentenza, require á UDC para que a execute nos seus propios termos no prazo conferido para o efecto.

Por isto, en cumprimento e execución da precitada sentenza e ao abeiro do disposto no artigo 104 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa (BOE nº 167, do 14 de xullo), no uso da competencia atribuída polo disposto no artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (BOE nº 70, do 23 de marzo), nos artigos 22.b, 34 e 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG nº 100, do 26 de maio) e na Resolución Reitoral do 14 de xaneiro de 2020, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade de A Coruña e as competencias dos seus órganos directivos, esta Xerencia **RESOLVE**

Primeiro. Deixar sen efecto, só no extremo relativo á exclusión do Sr. Penas López, a Resolución pola que se aprobaba e facía pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas á convocatoria de probas selectivas para a provisión dunha praza da escala técnica de especialistas (subescala delineante) da UDC (subgrupo C1) ditada pola Xerencia o 13.12.2022 e declarar o dereito do Sr. Penas López a figurar como admitido no dito proceso.

Segundo. Comunicar esta Resolución ás persoas integrantes do Tribunal do proceso

Terceiro. Publicar esta Resolución no taboleiro electrónico oficial da Universidade para coñecemento das persoas participantes no proceso

A Coruña, a data da sinatura dixital

O reitor

P.D: O xerente (RR 14.01.2020)

Ramón del Valle López

Código Seguro De Verificación	mmQ55YqrA8jBmOC3/QmzOQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	11/10/2023 12:26:31
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mmQ55YqrA8jBmOC3/QmzOQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

